

O PSdeG de Barreiros espera que “por fin os tribunais aclaren a desfeita urbanística do PP” no municipio

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

A voceira socialista, Carmen Veiga, lamenta que o concello de Barreiros só sexa coñecido ultimamente nos medios “por un goteo de informacións xudiciais provocadas pola inconsciencia e os intereses dos rexedores populares” e polas “saídas de tono” do alcalde

O PSdeG de Barreiros espera que “por fin os tribunais aclaren a histórica e grave desfeita urbanística do PP” no municipio e “dunha vez por todas se depuren responsabilidades dun desastre cuxas consecuencias veñen arrastrando os veciños desde hai anos, pola inconsciencia e os intereses particulares dos rexedores populares”.

A voceira socialista, Carmen Veiga, lamenta a “intranquilidade” que lle causa á cidadanía “este continuo goteo de informacións xudiciais”, ao que agora vén de sumarse a investigación da Audiencia Provincial ao alcalde de Barreiros, Alfonso Fuente, por un presunto delito de prevaricación na concesión de licenzas de construción.

Veiga afirma que a actual situación demostra “a irresponsabilidade dos gobernantes locais, que non son quen de xestionar os problemas do concello, e a desviación de poder da Xunta”, tal e como constatou esta mesma semana tamén o TSXG.

Veiga critica a “nefasta imaxe que todo isto provoca para o municipio, que “últimamente só e coñecido en toda España por este tipo de informacións e polas inaceptables saídas de tono do alcalde”, en referencia, por exemplo, á recente afirmación do rexedor do PP de que “os comunistas deixan de ser comunistas cando teñen cartos, **as feministas** deixan de ser **feministas** cando casan e os ateos deixan de ser ateos cando cae o avión no que viaxan”, que foi reflectida nos medios estatais.

Lugo, 28 de xuño de 2013